



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

XUIZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

EXPEDIENTE 03/26

DATA: 07 DE ABRIL DE 2026.

ASUNTO: ENVÍO RESOLUCIÓN

DESTINATARIO: Sr. Presidente do Club Deportivo Xadrez Ourense.  
Sr. Delegado/Capitán do Liceo B Grupo A. Postal.

Como Secretaria da Federación Galega de Xadrez, remítolle a resolución dictada por este órgano federativo.

Asdo.: Raquel Calleja Modia  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Xadrez.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ REXISTRO XERAL	
ENTRADA n.º	
SAIDA n.º	56.
DATA :	07/04/2026.



En Vigo, a 31 de marzo do 2026, o Xuíz Único de Competición da FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ, nomeado pola Asamblea Xeral da FEGAXA o día 3 de Xuño do 2023, acordou resolver nesta data o Expediente nº 3/2026.

### **ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO.**- O día 23 de marzo de 2026 don Martín Gómez Carreño, DNI 45160935K, Delegado do equipo Club Deportivo Xadrez Ourense «E» presenta reclamación contra o Clube Liceo B Grupo Academia Postal «B» (equipo local), en relación o encontro disputado da Liga Galega por Equipos de Club 2026, Segunda División, Grupo F. Xornada: 8.\*ª rolda. celebrado o 21 de marzo de 2026 en Ourense.

Documentación achegada: Acta orixinal en papel (Documento adxunto 1), acta telemática do sistema Xefega (Documento adxunto 2), e planilla da partida do taboleiro 4 (Documento adxunto 3).

Da reclamación presentada e da documentación adxunta extraíse os seguintes feitos relevantes, que este árbitro considera acreditados:

1º. — Resultado rexistrado nas actas. O delegado do equipo local, D. Joaquín Antonio Bello Filgueira, reflectiu en ambas as actas —papel e telemática (Xefega)— que o xogador Carlos Guillermo Ruiz do Portal Florido (licenza 25461) actuou como cuarto taboleiro do equipo local, con resultado 0 puntos.

2º. — Falsificación de firma na acta de papel. Na acta orixinal en papel (Documento adxunto 1), o cadro destinado á firma do cuarto taboleiro local aparece cuberto cunha rúbrica que non corresponde ao xogador rexistrado. Segundo o declarado polo reclamante, devandita firma foi realizada polo propio delegado local, D. Joaquín Antonio Bello Filgueira, coa intención de simular a presenza e firma do xogador en cuestión.



3º. — Incomparecencia do cuarto taboleiro local. Ás 18.00 horas, o menor Artai Lamela Babarro (cuarto taboleiro visitante, licenza 26605) asinou a súa planilla de xogo en ausencia de rival no taboleiro. Na devandita planilla (Documento adxunto 3) consta Únicamente o primeiro movemento das brancas (1.d4), sen ningún movemento das negras, e o resultado 1-0. O reclamante firma baixo o «1» e o delegado local firma baixo o «0».

4ª. — Firma do delegado local na planilla do taboleiro 4. O delegado local, que estaba a xogar simultaneamente no taboleiro 2 do mesmo encontro, levantouse e asinou baixo o «0» na planilla do cuarto taboleiro, coa súa propia firma, pretendendo, segundo o reclamante, simular a comparecencia dalgún xogador no devandito taboleiro.

5º. — Testemuñas presenciais. O reclamante sinala como testemuñas directas da incomparecencia do cuarto taboleiro local a tres proxenitores de xogadores visitantes que estiveron presentes na sala de xogo entre as 17.00 e máis aló das 18.00 horas: D. Francisco Fernández Cebrián (DNI 34987896C), Dna. Rosa María Rodríguez Rodríguez (DNI 34978981N) e D. Daniel Lamela Lamela (DNI 53179064M).

6º. — Condición de menores de idade dos xogadores visitantes. A totalidade dos catro xogadores do equipo Club Deportivo Xadrez Ourense «E» son menores de idade. O reclamante declara expresamente non incluír o testemuño directo de ningún deles por razón da súa minoría de idade, aínda que refire que todos advertiron con claridade a ausencia do rival no taboleiro 4.

**SEGUNDO.**- O día 25 de marzo de a Responsable da Liga Galega por equipos da FEGAXA informa por correo electrónico o Clube Liceo B Grupo Academia Postal «B» da denuncia presentada por Club Deportivo Xadrez Ourense «E», concedéndolle un prazo de 48 horas, ate as 19:00 horas do 27/03/2026, para presentar alegacións a dita denuncia se lle conviña, o que non non formulou.



Posteriormente mediante chamada telefónica o responsable do Clube confirmou que o responsable do Clube denunciado rexeita presentar ningún tipo de alegacións.

**TERCEIRO**.- Mediante escrito de data 1 de abril de 2026, o Clube denunciante achega Declaración escrita asinada por dúas testemuñas que ratifica os feitos denunciados polo Club Deportivo Xadrez Ourense «E».

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **1.- Competencia do Xuíz Único para a resolución da Reclamación.**

A competencia do Xuíz Único para resolver a Reclamación está recollida no artigo 45 a) dos Estatutos da Federación Galega de Xadrez vixentes e consonte o nomeamento como Xuíz Único de Competición efectuado polos órganos de Goberno da FEGAXA o día 18 de Maio do 2023 e a ratificación posterior da Asamblea da FEGAXA o día 3 de Xuño do 2023.

Non así en canto a redacción do citado artigo 62 do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA que debe dirixirse a outras instancias (Comisión Delegada ou Asamblea Xeral), polo que queda fora desta decisión.

#### **2.- Lexitimación**

A recorrente é interesada para a presentación desta reclamación segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que interés lexítimo no obxecto da súa reclamación.

#### **3.- Temporalidade do Recurso**

O recurso foi presentado en prazo. Se ben non se indica expresamente a presentación de recurso administrativo corresponde darlle dita forma a reclamación presentada contra a Resolución da FEGAXA.



#### **4.- Obxecto e pretensión do Recurso.**

O Obxecto do Recurso é determinar a procedencia de sanción por incomparencia dun xogador do Clube denunciado e a falsificación da sinatura do mesmo por parte do delegado do Clube.

#### **5.- Normativa aplicable**

- 1.- Regulamentos da Federación Internacional de Xadrez (FIDE).
- 2.- Regulamentos da Federación Española de Xadrez (FEDA).
- 3.- Lei do Deporte de Galicia.
- 4.- Regulamentos da Federación Galega de Xadrez (FEGAXA).
  - Estatutos da Federación Galega de Xadrez.
  - Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA (modificado o 22.11.2024 pola Comisión Delegada):

#### **6.- Consideracións do Xuíz Único de Competición da FEGAXA.**

##### **1. — Sobre a incomparencia no taboleiro 4.**

O Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA (modificado o 22/11/2024, en diante RGC-FEGAXA), no seu artigo 62, Título VIII, regula a liga Galega por Equipos de Club. Conforme ás Leis do Xadrez FIDE (artigo 6.4), un xogador que non se presenta ao taboleiro pasados quince minutos desde a hora de inicio da rolda perde a partida por incomparencia, salvo que o regulamento específico estableza outro prazo. O RGC-FEGAXA establece que a hora de inicio das partidas son as 17.00 horas, polo que ás 18.00 horas transcorrera con fartura o prazo regulamentario.



A planilla do taboleiro 4 (Documento adxunto 3) é concluínte: consta unicamente o primeiro movemento das brancas (1.d4), ningún movemento das negras e o resultado 0-1 marcado polo xogador visitante Artai Lamela Babarro. Este é o procedemento correcto e habitual para documentar unha incomparecencia. A firma do delegado local baixo o «0» confirma que o equipo local era consciente da situación e asumiu o resultado nese taboleiro.

Este árbitro considera acreditada a incomparecencia do cuarto taboleiro do equipo local, Liceo B Grupo Academia Postal «B», na 8.\*ª rolda da liga Galega Segunda División Grupo F, celebrada o 21 de marzo de 2026 dada a ausencia de alegacións por parte do representante do Clube Liceo B Grupo Academia Postal «B», como tamén polas probas achegadas por lo Clube Deportivo Xadrez Ourense «E» (documental e testifical).

O artigo 62.4.4 do Regulamento Xeral de Competicións da FEGAXA establece que “Contado desde a hora oficial de comezo do encontro perderase a partida pasada unha hora no caso de non acudir o xogador a sala de xogo. Neste caso restaranse tantos puntos como taboleiros non se presenten á clasificación final do equipo” polo que procede restar o Clube denunciado UN punto pola incomparecencia, é dicir, neste caso dos tres puntos acadados se restaría un, polo que obtería DOUS PUNTOS.

## **2. — Sobre a falsificación de firma na acta de papel.**

A comparación visual entre a rúbrica que aparece no espazo destinado á firma do cuarto taboleiro local na acta de papel (Documento adxunto 1) e a firma do delegado local na zona de «Firma Delegado» do mesmo documento e na planilla do taboleiro 4 (Documento adxunto 3) permite apreciar que ambas as firmas non corresponden á mesma persoa. O reclamante afirma que a firma do cuarta taboleiro foi realizada polo delegado local imitando unha rúbrica allea, coa intención de simular a presenza do xogador Carlos Guillermo Ruiz do Portal Florido.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE  
GALEGO

Este árbitro aprecia indicios fundados de falsificación documental na acta de papel do encontro. Devandita conduta, de confirmarse, constituiría unha infracción de especial gravidade ao atentar contra a integridade da documentación oficial da competición, que é a base sobre a que a FEGAXA xestiona e certifica os resultados da liga. A planilla do taboleiro 4 reforza esta conclusión, ao mostrar que o propio delegado local asinou baixo o «0» coa súa propia rúbrica, o que resulta inconsistente coa inscrición dun xogador diferente como cuarto taboleiro na acta do encontro.

### **3. — Sobre a inscrición do xogador na acta telemática (Xefega).**

A acta telemática (Documento adxunto 2) mostra que o xogador Carlos Guillermo Ruiz do Portal Florido foi inscrito no sistema Xefega como cuarto taboleiro local con resultado 1-0 (para as brancas), e que a acta figura co estado «DATOS DE ENCONTRO NON CONFIRMADO». Esta circunstancia indica que a acta telemática non foi validada nin confirmada por ningunha das partes tras o encontro, o que reforza a existencia de irregularidades na xestión documental do match por parte do equipo local.

### **4. — Sobre as circunstancias agravantes.**

Este árbitro toma especial nota de dúas circunstancias que, en caso de tramitarse expediente disciplinario, deberán ser consideradas como agravantes polo órgano competente:

En primeiro lugar, a condición de veterano e experimentado delegado de D. Joaquín Antonio Bello Filgueira, con décadas de actividade na FEGAXA, o que exclúe calquera alegación de descoñecemento do regulamento ou dos procedementos de documentación de partidas.

En segundo lugar, e de xeito especialmente relevante, a condición de menores de idade da totalidade dos xogadores do equipo visitante. A Federación Galega de Xadrez dispón dun



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE  
GALEGO

Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte, aprobado pola Asemblea o 14/06/2025, que establece a obrigaón de todos os participantes na actividade federada de preservar a contorna dos menores. Inducir a erro, falsificar documentación ou manipular o resultado dunha partida en prexuízo dun equipo formado integramente por menores de idade constitúe unha conduta especialmente reprochable que vulnera o espírito do devandito protocolo e os principios do xogo limpo que deben rexer a actividade deportiva.

Polo exposto,

### **O XUÍZ ÚNICO DE COMPETICIÓN RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Declarar a incomparecencia do cuarto taboleiro do equipo local, Liceo B Grupo Academia Postal «B», na 8.\*ª rolda da liga Galega Segunda División Grupo F celebrada o 21 de marzo de 2026, coa conseguente adxudicación da partida do taboleiro 4 a favor do xogador Artai Lamela Babarro (Club Deportivo Xadrez Ourense «E»), resultado que xa figura correctamente na planilla achegada (1-0 para as brancas).

**SEGUNDO.** Corrixir o resultado do encontro conforme o resultado real acreditado na documentación, quedando o marcador definitivo do match **2-1** a favor do equipo local Liceo B Grupo Academia Postal «B» xa que os tres puntos acadados por este equipo debe restárselle o punto da incomparecencia.

**TERCEIRO.** Remitir o presente informe ao Comité de Competición da FEGAXA para que, de conformidade co artigo 62 do RGC-FEGAXA e as disposicións disciplinarias aplicables, proceda á apertura de expediente disciplinario contra D. Joaquín Antonio Bello Filgueira, delegado do equipo Liceo B Grupo Academia Postal «B», polos indicios fundados de falsificación de firma na acta oficial do encontro e pola manipulación documental tendente a ocultar a incomparecencia do cuarto taboleiro local.



**CUARTO.** Recomendar ao Comité de Competición que, na resolución do expediente disciplinario, valore como circunstancias especialmente agravantes:

- (a) a dilatada experiencia do infractor como delegado federativo, que exclúe o descoñecemento regulamentario;
- (b) o carácter premeditado da conduta, apreciable na dobre falsificación —na acta de papel e na planilla—; e
- (c) a condición de menores de idade da totalidade dos xogadores do equipo prexudicado, en consonancia co Protocolo NNA vixente na FEGAXA.

**QUINTO.** Notificar a presente resolución a ambos os equipos e remitila á Secretaría da FEGAXA para a súa constancia no expediente da liga Galega 2026.

Contra esta Resolución poderase interponer recurso de alzada perante o Comité de Apelación desta Federación Galega de Xadrez no prazo de cinco días hábiles, contados dende o día seguinte a recepción desta Resolución.

Publícase esta Resolución na páxina Web da Federación Galega de Xadrez e comunícaselle os Clubes interesados

VAZQUEZ  
FORNO JESUS  
ANGEL -  
32807954H

Firmado  
digitalmente por  
VAZQUEZ FORNO  
JESUS ANGEL -  
32807954H  
Fecha: 2026.04.07  
09:25:41 +02'00'

Asdo.: Jesús Vázquez Forno

Xuíz Único da Competición.

FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ (FEGAXA)